

ACTIVIDADES da BIBLIOTECA

XANEIRO

Actuacións musicais polo Día da Paz:

“Imagine” de John Lennon, interpretada por toda a ESO. Departamentos de Música e Inglés.

“Zombie” de The Cranberries, interpretada por Adriana Caldas acompañada por Daniel Blanco, Pablo Grande e Emilio Lorenzo.

“Irmaos” de Celso Emilio Ferreiro. Departamento de Galego da ESO.

“Los niños queremos la paz”, interpretada polos alumnos de E. Infantil.

Concerto da “Pequeña Gran Compañía” na biblioteca.

Obradoiros:

Obradoiro de deseño e creación de chapas personalizadas (todo o centro) en colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

Obradoiro de tinguido de camisetas “hippies”. Departamento de Debuxo da ESO.

Exposicións:

“I have a dream: Día de Martin Luther King”. Departamentos de Inglés e Debuxo da ESO.

“Cancións pola paz: Lennon, Dylan, Woodstock...”

“Zombie e o conflito norirlandés”.

Exposición de libros sobre a paz e a non violencia da nosa Biblio.

FEBREIRO

Día de San Valentín:

Elaboración do ránking das mellores cancións de amor/desamor da Historia, coa colaboración das familias.

Vídeo musical de cancións de amor, en colaboración con todo o centro.


Proxecto de obradoiro e intercambio de postais en Inglés con outros centros da Unión Europea. Departamentos de Inglés e Debuxo da ESO (Sección Bilingüe).

Exposición de debuxos de músicos famosos realizados con boli bic. Departamento de Debuxo da ESO.

Charla da escritora María Lado Lariño dentro do programa “Encuentro con Escritores” do Ministerio de Cultura. Departamento de Galego.



Portas



BOLETÍN nº6
Xaneiro 2.019

<http://bibliocpidomingofontan.blogspot.com.es/>

CANCIÓNS POLA PAZ

Este ano cómprense 50 anos do Festival de Woodstock, aqueles 3 días de música e paz nos que Joan Baez, Janis Joplin, Joe Cocker e Jimi Hendrix, e moitos outros, deron os concertos máis míticos do movemento hippie diante dunhas 400.000 persoas, consolidando definitivamente a contracultura dos anos 60.

A lista de cancións do s.XX que fan referencia á paz é moi longa pero todas foron compostas por artistas que tiñan a esperanza de poñer un gran de area para construír un mundo mellor!

Algunhas delas son:

Blowing in the Wind de Bob Dylan. Un dos xenios da canción protesta con este tema que nos pregunta: canto tempo falla para que nos demos conta das inxustizas do mundo e reaccionemos ante elas?

Heal the World de Michael Jackson. Con un conmovedor vídeo no que aparecen rapaces que sofren as consecuencias da guerra.

Oda a la alegría de Beethoven. O actual himno europeo non ten unha única letra, pero a maioría das versións falan de irmandade, sonos e eliminación de barreiras entre os homes.

Imagine de John Lennon. Representa a harmonía e a conciliación entre culturas, un mundo sen fronteiras, sen guerras e sen posesións materiais.

We are the world (USA for África). Gravado en 1985 por 45 artistas entre os que se atopaban Michael Jackson, Stevie Wonder, Lionel Richie ou Bruce Springsteen co obxectivo de recadar fondos para combater a fame en África.

Give Peace a Chance de Jonh Lennon. Cantada nas protestas contra a Guerra do Vietnam.

Sólo le pido a Dios de Leon Gieco. Unha chamada de atención cara á insensibilización que cada día está máis presente na sociedade.

No dudaría de Antonio Flores. Un canto ao arrepentimento e á non violencia.

De que che vale? de Jesús Pareja. Fai un ramo de esperanza e margaridas e reguémolos de paz, amor e vida!



Paz, paz, paz de Juanes. Canto pola paz e a esperanza para os nenos que son o futuro da Humanidade.

Concordias de papel de Ses. Todo un berro contra a violencia e os malos tratos.

On écrit sur les murs de Kids United. Escribimos sobre as paredes mensaxes para os días que veñen, a forza dos nosos soños, as nosas esperanzas en forma de graffiti... escribimos sobre as paredes para que o amor esperte un bo día sobre o mundo adormecido.

Consellos “ALFIN”: Catálogo da Biblio

Xa dispoñemos no blog da Biblio dunha ligazón ao catálogo dos nosos fondos, premendo en “CONSULTAS” podedes acceder á nosa base de datos:



Aquí podedes facer unha “busca avanzada” por autor, título, tema...

